

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE AGOSTO DE 2022,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se aproban os estatutos e o cambio de denominación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, que pasa a denominarse Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia.
- Decreto polo que se crea o Colexio Oficial de Ópticos-Optometristas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a Estrella López-Pardo y Pardo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se exime de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas á implantación da loxística avanzada e sustentable, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000 €).
- Acordo polo que se exime de constitución de garantías no pagamento anticipado derivado da convocatoria para o exercicio 2022 das axudas e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial, por un importe total de once millóns de euros (11.000.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se solicita do Goberno do Estado que, de conformidade co establecido no artigo 23 da lei 27/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, se proceda á declaración como zonas afectadas gravemente por unha emerxencia de protección civil, incluíndo a súa delimitación como áreas afectadas, as correspondentes aos concellos danados polos incendios forestais que se produciron en Galicia durante o mes de xullo de 2022.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Valga para acometer a execución das obras de substitución do pavimento da pista deportiva do Pavillón Municipal de Cordeiro, cun investimento de cento sesenta e tres mil dezaseis euros con setenta e un céntimos (163.016,71 €), IVE incluído.
- Acordo polo que se autoriza a subscrpción do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello do Barco de Valdeorras para a reforma interior do edificio dos antigos xulgados do Barco de Valdeorras, por un importe total de douscentos setenta e nove mil cincocentos euros (279.500,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente do contrato mixto de subministración, deseño, desenvolvemento, implantación, soporte, mantemento e operación da plataforma galega de Mobilidade 4.0 e da oficina técnica para a súa supervisión e dirección, financiado polo Plan de recuperación transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU (Expediente AMT-2022-0128), por un orzamento de licitación, IVE ao 21% incluído, de cinco millóns setecentos trinta e oito mil novecentos setenta e catro euros con trinta e catro céntimos (5.738.974,34 €) e un valor estimado de nove millóns catrocentos oitenta e catro mil trescentos oito euros (9.484.308,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da I fase da actuación na variante de Ribeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituir garantías establecidas no artigo 67 do decreto, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á dotación de equipamentos e activos que fomenten a innovación e competitividade da industria cultural e creativa galega ao abeiro do programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, por un importe total dun millón trescentos mil euros (1.300.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVigo) para a implementación de infraestruturas de investigación universitaria, por un importe total de seis millóns noventa e seis mil cincocentos setenta e un euros con sesenta e tres céntimos. (6.096.571,63 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE) para a prestación de servizos educativos ao alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave para o curso escolar 2022/23, por un importe de douscentos cincuenta e un mil douscentos setenta e catro euros con sesenta e catro céntimos (251.274,64 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se aproba o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa Nova oportunidade das persoas traballadoras autónomas, cofinanciado polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 , por un importe de catro millóns novecentos sesenta e sete mil cento sesenta euros (4.967.160,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza de varios centros (Hospital Universitario A Coruña e Hospital Abente y Lago) dependentes da ÁREA Sanitaria da Coruña e Cee, pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, por importe de vinte millóns setecentos setenta e un mil setecentos trinta e seis euros con corenta e cinco céntimos (20.771.736,45 €), IVE incluído, e un valor estimado de trinta millóns oitocentos oitenta e un mil novecentos un euros con setenta e nove céntimos (30.881.901,79 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da suministración de sete equipos de cardioloxía intervencionista (hemodinámica) para hospitais do Servizo Galego de Saúde, derivada do Acordo marco AM 2021/100 (lotes 2 e 3), respectuoso co ambiente, do Ministerio de Sanidad, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-NextGenerationEU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España, por un importe de cinco millóns novecentos vinte e sete mil sesenta e catro euros (5.927.064,00 €), IVE incluído, e un valor estimado do contrato de catro millóns oitocentos noventa e oito mil catrocentos euros (4.898.400,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco con varias empresas, dos servizos de desenvolvemento de sistemas vinculados á historia clínica electrónica e á relación dixital coa cidadanía, doentes, profesionais e provedores, por un valor estimado de trinta millóns de euros (30.000.000,00 €) sen IVE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construcción dun novo Centro de Saúde de Muíños, feita a título gratuito polo Concello de Muíños a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo para a construcción dun novo centro de saúde en Moaña, feita a título gratuito polo Concello de Moaña a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUD

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a creación de novos centros de atención a persoas maiores, dependentes ou con discapacidade, e para a remodelación e adaptación de equipamentos xa existentes, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento BS631D). Importe total: trece millóns de euros (13.000.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola Consellería de Política Social e Xuventude (código do procedemento BS623D). Importe total: dezanove millóns cento trinta e un mil trescentos noventa e un euros (19.131.391,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Escola de Tempo Libre Don Bosco, para o desenvolvemento do proxecto Xacobeando, equipos de voluntariado en árees de alta prioridade do Corpo Europeo de Solidariedade. Importe: douscientos corenta e un mil trescentos dez euros (241.310,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a subscrpción, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida no Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para desenvolver o Programa de ciencias mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea– NextGenerationEU, por importe de seis millóns de euros (6.000.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrpción, a superación do límite do 80 % do importe conxunto dos pagamentos anticipados e á conta e a realización de pagamentos anticipados de ata o 70 % da subvención concedida no Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar, a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, a Fundación Pública Centro Tecnolóxico do Mar, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para desenvolver o programa de Ciencias Mariñas dentro dos plans complementarios de I+D+i do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura–, por importe de tres millóns novecentos oitenta e dous mil setecentos cincuenta euros (3.982.750,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as convocatorias de axudas a proxectos de investimento en actividades non agrícolas. Aprobación das axudas correspondentes á convocatoria 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O COLEXIO OFICIAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS DE GALICIA

- O novo ente nace tras a súa segregación do Colexio Nacional que representa este colectivo profesional
- No prazo dun mes desde a entrada en vigor do decreto, a comisión xestora presentará os estatutos provisionais e, nun máximo de dous meses despois da publicación destes, convocará a asemblea constituínte
- Na xuntanza de hoxe tamén se aprobou o proxecto de decreto polo que se aproban os estatutos e o cambio de denominación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, que pasa a ser Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se crea o Colexio Oficial de Ópticos-Optometristas de Galicia, por segregación do Colexio Nacional deste colectivo profesional. O impulso e coordinación do proceso de segregación correrá a cargo da comisión xestora, constituída pola xunta de Goberno da Delegación Rexional da Comunidade Autónoma de Galicia do Colexio Nacional de Ópticos-Optometristas.

Así, no prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor do decreto, deberá presentar os estatutos provisionais do novo ente. Neles regularase o proceso electoral, a composición e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, a forma de designación do órgano de goberno e as súas funcións.

Posteriormente, no prazo máximo de dous meses desde a publicación dos estatutos provisionais, a comisión xestora convocará a asemblea constituínte do colexio resultante da segregación, integrada por todas as persoas colexiadas con dereito a voto. Nela procederase á elección dos membros do respectivo órgano de goberno e á aprobación dos estatutos definitivos.

A solicitude de segregación baséase en criterios de eficacia e eficiencia na consecución dos obxectivos, tanto en relación coa defensa dos intereses das persoas colexiadas como de consumidores e usuarios. Búscase tamén favorecer a interlocución coas administracións públicas, co sector empresarial e coa sociedade no seu conxunto.

Nova denominación e estatutos

Por outra banda, o Consello da Xunta tamén deu conta da aprobación dos novos estatutos e do cambio de denominación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Forestais de Galicia, que pasa a ser Colexio Oficial da Enxeñaría Técnica Forestal de Galicia. O ente quere así darrle resposta á demanda crecente das persoas colexiadas de adaptar o texto estatutario a unha linguaxe inclusiva.

Outro dos obxectivos da modificación responde á necesidade de ofrecerelles tanto ás persoas colexiadas coma ás usuarias dos seus servizos profesionais a garantía que supón a colexiación. Así, establecécese a colexiación de oficio, avalada por sentenza do Tribunal Supremo, como mecanismo para controlar o exercicio profesional de modo irregular, de xeito que será obrigatoria a incorporación a este ente para exercer a profesión de enxeñaría técnica forestal.

Con sede en Santiago de Compostela, o Colexio Oficial da Enxeñaría Forestal de Galicia ten como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión regulada, a representación institucional exclusiva, a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas e a protección dos de consumidores e usuarios dos servizos prestados por elas.

Terá dereito a pertencer a este colexio quen estea en posesión dos títulos oficiais que habiliten para exercer a profesión regulada e reúna as condicións determinadas nos estatutos. Como órganos de goberno establecéncense a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno, o Órgano Presidencial, as asembleas provinciais e os delegados ou delegadas provinciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ESTRELLA LÓPEZ-PARDO COMO NOVA XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Estrella López-Pardo como xerente do Servizo Galego de Saúde. López-Pardo substitúe no cargo a José Flores Arias, cuxo cese foi tamén acordado hoxe polo Consello de Xunta e que se incorporará como xerente á área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.

Estrella López-Pardo é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade Complutense de Madrid (1983), especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública, Máster en Epidemioloxía e Metodoloxía da Investigación da Universidade París XI, Máster en Administración e Xestión Sanitaria e Máster en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias da USC e diplomada en Estatística e Epidemioloxía pola Universidade París VI.

Desempeñou os cargos de subdirectora xeral de Planificación Sanitaria do Sergas, subdirectora xeral de Avaliación Asistencial, directora operativa do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, subdirectora de Calidade e Atención ao Paciente na EOXI de Santiago e directora de Procesos de Soporte da ÁREA Sanitaria Pontevedra-O Salnés.

Asemade, foi coordinadora de proxectos da Comisión Técnica Interreg, 4 proxectos de Innovación Hospital 2050 e proxectos de aplicación de metodoloxía Lean Health Care, UNE-EN-ISO e EFQM e exerceu a vicepresidencia da Sociedade Española de Directivos de Atención Primaria (SEDAP). Participou, en calidade de experta, da elaboración en 2019 do documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde'.

En abril do ano 2021 incorporouse á estrutura directiva da Consellería de Sanidade como directora Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, un novo departamento creado co obxectivo abordar a planificación futura da sanidade unha vez superada a pandemia e, dun xeito especial, o ámbito da atención primaria.

Desde este posto, dirixiu a implantación de importantes reformas introducidas nos últimos meses na atención primaria, como as axendas de calidade para as distintas categorías profesionais, a posta en marcha do sistema XIDE de Xestión Integral da Demanda en Equipo, a elaboración dos primeiros Plans Locais de Saúde en 14 servizos de atención primaria galegos ou a extensión da aplicación de xestión de chamadas CRM100.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,5M€ AO DESENVOLVEMENTO DA COMPETITIVIDADE DE PEMES E AUTÓNOMOS A TRAVÉS DE PROXECTOS DE LOXÍSTICA AVANZADA E SUSTENTABLE

- Este primeiro programa, pioneiro en Galicia, procura facilitar o avance do tecido empresarial galego na loxística 4.0 e na transformación dixital
- Os apoios serán do 35 % dos investimentos para as pequenas empresas, e do 25 % para as medianas, ademais do 50 % dos custos das colaboracións externas, cun límite máximo de subvención de 100.000 euros en iniciativas individuais, e de 100.000 euros multiplicados polo número de empresas nos proxectos colectivos
- Poderanse solicitar anticipos de ata o 50 % do importe dos apoios que buscan facilitar, entre outros, a automatización e robotización de procesos loxísticos, a implantación da loxística inversa ou a monitorización e propostas de redución da pegada de carbono no transporte e distribución de mercadorías
- A iniciativa enmárcase dentro do Plan de medidas para o aforro e a eficiencia enerxética en fogares, administracións públicas e empresas impulsado polo Goberno galego

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a próxima activación dunha nova liña de axudas pioneira en Galicia e impulsada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación de cara a promover proxectos de loxística entre pemes e autónomos galegos. O obxectivo é facilitar o desenvolvemento de iniciativas neste campo que redunden nunha mellora da competitividade territorial e empresarial.

Cun orzamento de 1,5 millóns de euros, o Goberno galego porá en marcha proximamente este programa de apoios para a promoción de proxectos de loxística avanzada e sustentable. Permitiralles a pemes e ao colectivo autónomo de Galicia implantar solucións para o almacenamento e transporte de materias primas, componentes, semielaborados e produtos finais, reducindo custos e prazos de entrega, así como o impacto ambiental. Neste sentido, a iniciativa enmárcase dentro do Plan de medidas para o aforro e a eficiencia enerxética en fogares, administracións públicas e empresas impulsado pola Administración autonómica.

En función da modalidade dos proxectos, establecéncense dúas categorías de beneficiarios: pemes e autónomos a través de proxectos individuais; e agrupacións de pequenas e medianas empresas a través de iniciativas colectivas (mínimo de dúas empresas independentes, opcionalmente coordinadas por un organismo intermedio colaborador).

A Xunta de Galicia busca potenciar o sector loxístico galego como clave para a apertura comercial, a mellora da competitividade e o crecemento económico. Así, o novo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa facilitará a posta en marcha de iniciativas centradas na dixitalización e automatización (robotización de procesos loxísticos; aplicación de vehículos autónomos; utilización de medios alternativos para aprovisionamento e distribución en centros históricos ou lugares de difícil acceso; ou xeolocalización ou sensorización para o control de localizacións de cargas, contedores e medios de transporte); de propostas vinculadas a procesos e aplicacións (implantación de procesos de loxística inversa ou recuperación ou reciclaxe de materiais de envasado; ou estudos de viabilidade, caracterización e enxeñaría para a creación ou ampliación de hubs e microhubs loxísticos); e, por último, proxectos vencellados á analítica de datos (aplicación de realidade virtual e aumentada nos procesos loxísticos, simulación e virtualización dos ditos procesos; ou monitorización e propostas de redución da pegada de carbono no transporte e distribución de mercadorías).

Para conseguilo, os apoios, en réxime de concorrencia competitiva, cubrirán ata o 35 % dos investimentos para as pequenas empresas e, o 25 % para as medianas, ademais do 50 % dos custos das colaboracións externas, cun límite máximo de subvención de 100.000 euros en iniciativas individuais e de 100.000 euros multiplicados polo número de empresas nos proxectos colectivos.

Coa posibilidade de solicitar anticipos de ata o 50 %, os gastos cubrirán colaboracións de carácter tecnolóxico ou organizativo –asistencia técnica, adaptación e parametrización de solucións, consultoría e servizos directamente relacionados coa execución do proxecto–; adquisición de software estándar ou licenzas de uso de propiedade industrial; investimentos materiais ou inmateriais novos adquiridos en propiedade; e gastos de coordinación do proxecto.

Iniciativas para a transformación industrial e a dixitalización

Esta pioneira liña de axudas para promover proxectos de loxística entre pemes e autónomos galegos súmase a outras iniciativas recentemente aprobadas no Consello da Xunta de Galicia para fomentar a transformación industrial e a dixitalización do tecido empresarial.

É o caso da convocatoria por 15 millóns de euros do programa de apoios ao investimento para a posta en marcha de centros de fabricación avanzada –infraestruturas de uso aberto e compartido que teñen como finalidade o desenvolvemento da contorna das empresas e os consumidores, e a modernización e consolidación da base industrial, co fin de mellorar a súa competitividade–; a nova liña por 1,5M€ para proxectos que desenvolvan a economía circular mediante a optimización de recursos, a redución no consumo de materias primas e o aproveitamento dos residuos; e unha nova edición do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa de obradoiros e axudas á dixitalización de pemes e autónomos por 5,4M€ – para a posta en marcha de sistemas de fabricación distribuída, de facturación ou de procesos entre un líder industrial cara ás empresas que conforman a súa cadea de valor; mentres que os obradoiros funcionan como xeradores de proxectos que, máis tarde, poden presentarse a convocatorias de axudas–.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA LANZA UNHA PIONEIRA LIÑA DE APOIOS QUE INCLÚE POR PRIMEIRA VEZ A SOLICITUDE CONXUNTA DE AXUDAS E PRÉSTAMOS PARCIALMENTE REEMBOLSABLES

- Enmarcado na Axenda financeira 2022, o programa está dirixido a pemes e autónomos e, cun orzamento que acada os 11 millóns de euros, busca mellorar a súa competitividade a través do financiamento de novas iniciativas, potenciar o mantemento e creación de emprego e favorecer o desenvolvemento da innovación
- Os apoios cobren proxectos desde 25.000 ata 900.000 euros, chegando ao 35 % dos investimentos no caso das pequenas empresas e ao 25 % para as medianas
- As solicitudes de axuda que teñan un investimento subvencionable superior a 500.000 euros poderán pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida
- Prevense tres grandes eixes de actuación: iniciativas de investimento empresarial, mellora do sector de aloxamento hostaleiro e adquisición de equipamento produtivo

O Consello da Xunta avaliou hoxe a próxima posta en marcha do programa Galicia inviste, que sumará 11 millóns de euros na procura de promover a competitividade de pemes e autónomos galegos. A principal novidade desta liña, que se enmarca na Axenda financeira 2022, é que, por primeira vez, ofrece a posibilidade de solicitar conxuntamente axudas e préstamos para o financiamento de proxectos –ofrecendo a opción de pedir créditos parcialmente reembolsables–, na procura de potenciar o mantemento e creación de emprego, a innovación e o impulso de novas iniciativas empresarias.

Poderán optar autónomos e pequenas e medianas empresas dos seguintes sectores: industrial; tratamento, eliminación e valorización de residuos; industria cinematográfica e das telecomunicacións; industria manufactureira; sector do aloxamento; e proxectos de carácter innovador (acreditado pola Axencia Galega de Innovación) de calquera sector, agás os excluídos pola regulamentación comunitaria.

Neste marco, o programa prevé tres grandes liñas de actuación: unha centrada nos proxectos de investimento empresarial, outra que atende iniciativas de mellora do sector de aloxamento, e a última, que pon o foco en investimentos en equipamento produtivo.

Así, no contexto da primeira liña promoveranse a creación de novos establecementos, a ampliación da capacidade dos existentes, a diversificación da súa producción e os cambios nos procesos globais da propia producción. No relativo ao sector de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aloxamentos, apoiaranse a creación de novos establecementos hoteleiros, a ampliación da capacidade dos existentes e a súa modernización. E no eido do equipamento produtivo, facilitarase a ampliación de capacidade dun establecemento existente e os investimentos en bens de equipamento.

O apoio da Administración autonómica, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, cubre proxectos desde 25.000 ata 900.000 euros no caso desta terceira liña –e desde 50.000 ata 900.000 € nas outras dúas–, chegando ao 35 % dos investimentos no caso das pequenas empresas, e ao 25 % para as medianas. A gran novedade será cando as solicitudes de axuda teñan un investimento subvencionable superior a 500.000 euros, xa que se poderá pedir un préstamo parcialmente reembolsable para o seu financiamento, correspondéndose o tramo non reembolsable coa axuda concedida.

Deste xeito, a Xunta pretende dar resposta coordinada ás necesidades financeiras das pemes, facilitando á vez axudas e préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial. De feito, esta convocatoria forma parte da Axenda financeira 2022 de Galicia coa cal o Goberno galego prevé mobilizar ao longo do ano 400M€ para contribuír á reactivación económica e mellora da competitividade do tecido empresarial.

Balance do Galicia inviste

Ao abeiro deste programa, xestionado a través do Igape, desde o ano 2018, apoiáronse máis de 280 proxectos, mobilizando investimentos por valor de máis de 100M€. Estes datos reflecten o compromiso da Xunta de Galicia co tecido empresarial, en particular coas pequenas e medianas empresas e cos autónomos, na procura de facilitar o acceso a axudas e financiamento que precisan para realizar os seus investimentos e potenciar así o xeración de emprego, a innovación e a creación e posta en marcha de proxectos empresariais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOLICÍTALLE AO GOBERNO CENTRAL A DECLARACIÓN DE ZONA CATASTRÓFICA NOS CONCELLOS AFECTADOS POLO LUME O PASADO XULLO

- Aplicarase nos concellos de Folgoso do Courel, Quiroga, A Pobra do Brollón e O incio, na provincia de Lugo, e no Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, Oímbra e Verín, na de Ourense

-O obxectivo é poñer de manifesto a necesidade de máxima implicación por parte de todas as administracións

O Consello da Xunta de Galicia acordou hoxe solicitarlle ao Goberno central a declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil nos concellos afectados polo lume do pasado xullo. Trátase dos municipios de Folgoso do Courel, Quiroga, A Pobra do Brollón e O Incio, na provincia de Lugo, e do Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, Oímbra e Verín, na de Ourense.

O obxectivo é que o Goberno central complemente co seu sistema de axudas para paliar os danos causados polos lumes e atender ás situacións de necesidade e permitir unha pronta restauración da zona damnificada.

O presidente lembrou que a Xunta xa convocou nun tempo récord axudas que poden tramitarse a través dos distintos departamentos para que poidan ser pagadas o antes posible, na busca da maior axilidade e a menor burocracia posible.

Alfonso Rueda xa lle solicitara ao presidente Pedro Sánchez a implicación no apoio ás zonas afectadas. Nese espírito colaborativo, e aínda que non é preciso para que se activen as axudas do Goberno central, a Xunta fai a demanda de declaración de zona afectada gravemente por unha emerxencia de protección civil.

Segundo sinalou o presidente, trátase de poñer de manifesto a necesidade da máxima implicación por parte de todas as administracións. Nesta liña, a Xunta facilitará todos os datos, que o propio goberno central pode tamén recabar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VALGA PODERÁ ACOLLER COMPETIÓNS DEPORTIVAS OFICIAIS TRAS A REFORMA NO PAVILLÓN MUNICIPAL DE CORDEIRO POR MÁS DE 160.000 EUROS

O Consello da Xunta aprobou o acordo polo que se levarán a cabo as obras de substitución integral do pavimento da pista deportiva do Pavillón Municipal de Cordeiro

O Consello da Xunta autorizou a sinatura do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Valga para acometer a execución das obras de substitución do pavimento da pista deportiva do Pavillón Municipal de Cordeiro cun investimento total de 163.016,71 euros. Neste sentido e a teor do acordo autorizado, a Secretaría Xeral para o Deporte achegará arredor do 80 % da totalidade do importe (130.413,37 euros), mentres que o Concello de Valga achegará o restante 20 % (32.603,34 euros).

As obras contarán cunha única vía de actuación, englobando todas as obras necesarias para a íntegra substitución do pavimento da pista deportiva do Pavillón Municipal de Cordeiro, ao encontrarse este actualmente nun estado que limita o uso que unha instalación coma esta debe ter. Desta maneira asegurarase a práctica deportiva segura e accesible para toda a cidadanía, pretendendo a celebración de futuros eventos deportivos oficiais no recinto.

O Pavillón Municipal de Cordeiro, debido á súa localización xeográfica, ao pertencer ao concello de Valga, no límite coa provincia da Coruña e atravesado tanto pola autoestrada AP-9 coma polo tren que vai de Vigo a A Coruña, é de especial interese para a Xunta de Galicia, posto que as súas instalacións deportivas notaron unha crecente demanda de servizos por parte da poboación, non só do propio concello senón tamén dos lindeiros. O Goberno galego, a través das súas políticas de axuda e potenciación do deporte base comprende a relevancia de contar cunhas instalacións deportivas en boas condicións para o seu uso e accesibles para toda a cidadanía, polo que ve primordial a súa axuda económica para o mantemento e remodelación deste tipo de instalacións públicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS PARA ACONDICIONAR A ANTIGA SEDE DOS XULGADOS COMO OFICINA DE TURISMO E SEDE DA POLICÍA LOCAL

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o Convenio de colaboración entre o Goberno galego, no que participan a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Axencia de Turismo de Galicia, e o Concello do Barco de Valdeorras, que conta cun orzamento de 279.500 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe o Convenio de colaboración entre o Goberno galego, no que participan a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Axencia de Turismo de Galicia, e o Concello do Barco de Valdeorras para a reforma interior do edificio dos antigos xulgados da localidade, que conta cun orzamento de 279.500 euros.

O Concello conta con servizo de Turismo e de Policía Local, que están situados nuns locais que non posúen as características óptimas para a prestacións dos seus labores. No primeiro caso, e dado o considerable aumento da actividade turística nos últimos anos, por un lado debido a fitos como a implantación do Xeodestino Trevinca-Valdeorras de que forma parte o municipio, e por outro coa consolidación e o desenvolvemento do Camiño de Santiago de Inverno, a oficina de Turismo en que se desenvolven as actividades de atención ao público é insuficiente para o seu labor.

No caso da Policía Local, esta dispón dunhas dependencias para o desenvolvemento da súa actividade nun baixo sen luz natural, ventilación e espazo para un mínimo cumprimento das súas funcións, carente de zona de atención ao público, vestiarios, sala de detención, etc. Así mesmo, o edificio, dada a súa época de construcción, non dispón dunhas características adecuadas para o imprescindible aforro e eficiencia enerxética na súa utilización, ademais da necesaria reordenación de espazos para os novos usos previstos e a súa adaptación para facilitar a mobilidade e a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Polo tanto, a Xunta colaborará co Concello para habilitar a antiga sede dos xulgados, actualmente sen uso debido ao traslado das dependencias xudiciais ao novo edificio existente na localidade, levando a cabo as obras de acondicionamento desta antiga sede xudicial para uso da oficina de turismo e da Policía Local do Concello.

O orzamento estimado das actuacións previstas neste convenio é de 279.500 €, os cales están divididos en dúas anualidades, preto de 75.000 € este ano e os restantes 204.000

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o vindeiro ano. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asume o compromiso de financiar as obras destinando 80.000 €, a Axencia de Turismo de Galicia asume o compromiso de financiar as obras por importe de 120.000 € e o Concello do Barco de Valdeorras achegará 79.500 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA DA PLATAFORMA DE MOBILIDADE 4.0 PARA AVANZAR CARA A UN MODELO DE TRANSPORTE DIXITAL E SUSTENTABLE

- Explica que a ferramenta suporá vantaxes como a incorporación dunha app móvil para que o usuario dispoña da oferta de transporte público; e a implantación dun novo sistema de pago en conta que permitirá ao viaxeiro pagar co móvil
- Afirma que a Plataforma suporá “un salto adiante e un incentivo” cara a consecución da sustentabilidade na mobilidade
- Enmárcase no Plan de transporte público de Galicia que, entre outros obxectivos, busca facilitar a accesibilidade ao transporte público para reforzalo como alternativa fronte ao vehículo particular

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a posta en marcha da plataforma de Mobilidade 4.0 para avanzar cara a un modelo de transporte dixital e sustentable. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o contrato que permitirá o deseño, desenvolvemento, implantación, soporte, mantemento e operación desta plataforma por un valor estimado de 9,4 millóns de euros, tendo en conta as posibles modificacións e prorrrogas.

Rueda lembrou a necesidade de que o transporte “sexa cada vez máis sustentable, coa axuda da incorporación da tecnoloxía”, e por iso, explicou que a plataforma suporá vantaxes como a incorporación dunha app móvil de fácil emprego para que o usuario dispoña de toda a oferta de transporte público de Galicia; a recollida de todos os modos de transporte alternativos ao vehículo privado en tempo real e a implantación dun sistema de rexistro, pago e reserva de servizos.

Na mesma liña, o mandatario autonómico explicou que o novo sistema de pago en conta da plataforma permitirá ao viaxeiro pagar co móvil con só pasar polos escáner que rexistrarán onde se sube e onde se baixa cada usuario. “Isto suporá un novo salto adiante e un incentivo para a xente moza, aínda que non só, para seguir impulsando un transporte público sustentable”, sentenciou.

A nova plataforma finanziarase con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, concretamente no marco dos compoñentes 1 e 6. Esta iniciativa está enmarcada no Plan de transporte público de Galicia que, entre outros obxectivos, busca facilitar a intermodalidade e a accesibilidade ao transporte público para reforzalo como alternativa fronte ao vehículo particular e en liña co establecido no Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, eixe E2. Galicia verde e sustentable, e no eixe 5 da estratexia Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dixital 2030, Conectividade dixital do territorio, e o programa 14: Transporte e mobilidade dixital e sustentable.

Web e App como puntos de acceso e xestións das viaxes

A plataforma galega de Mobilidade 4.0 irá acompañada do desenvolvemento dun portal web e dunha aplicación móvil que disporá, entre outras funcionalidades, dun planificador multimodal, que integrará nun punto único toda a oferta de transporte e mobilidade da Comunidade Autónoma baixo unha visión MaaS (Mobilidade como servizo). Este novo portal irá incorporando a información de todos os modos de transporte alternativos ao vehículo privado, ofrecerá información en tempo real e permitirá empregarse como un sistema de rexistro, de pagamento e de reserva de servizos válido. A nova plataforma integrarase co Sistema de axuda á explotación da mobilidade de Galicia (Saegal).

Novo paradigma de pagamento

Outro dos obxectivos desta iniciativa é introducir un novo paradigma de pagamentos denominado pagamento baseado en conta (Account Base Ticketing - ABT), que supón un cambio do modelo actual «pague e viaxe» a un modelo «viaxe e xa pagará». Deste xeito o viaxeiro poderá elixir o pagamento mediante móvil, tarxeta bancaria ou unha nova tarxeta de mobilidade de Galicia (TMG) sen contactos.

Para isto, os soportes físicos actuais (tarxeta TMG) converteranse en meros *tokens* de identificación do pasaxeiro no autobús, simplificando a acción que realizan as máquinas canceladoras. Estas só deberán identificar o viaxeiro, onde sobe e onde baixa. Cando as máquinas envíen esta información ao sistema central, será este último quien realice o cálculo do prezo da viaxe tendo en conta o perfil do usuario e os descontos a que teña dereito e procederá ao cobramento da viaxe no moedeiro virtual do usuario (modo prepagamento) ou no medio de pagamento definido polo usuario (modo pospago). O contrato prevé a expedición de 120.000 novas tarxetas.

Máis de 15 millóns de viaxeiros en 2022

No primeiro semestre deste ano o transporte público regular por estrada deu servizo a 15 millóns de viaxeiros. En 2021 realizáronse máis de 14,4 millóns de viaxes, a través das 127 concesións de transporte público, e superáronse os 57 millóns de quilómetros de servizo ao ano a través de 3.470 liñas, 53.000 paraxes e 2,3 millóns de servizos de transporte ao ano. Estas cifras, ainda condicionadas pola emergencia sanitaria derivada da pandemia, dan conta da importancia e demanda deste servizo, que é previsible que se vexan incrementadas de xeito significativo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á APROBACIÓN DA INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DE TRAZADO E DO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL DA VARIANTE DE RIBEIRA

- O Goberno galego destinará un investimento de 10,3 M€, incluíndo as expropiacións, a esta infraestrutura estratégica para Ribeira e a súa área
- O obxectivo é dotar o núcleo urbano de Ribeira dun novo viario que, de oeste e sur do municipio, conecte a autovía do Barbanza e a AC-550 coa estrada da costa
- Trátase de facilitar a mobilidade en condicións más eficientes en Ribeira, que actualmente ten acceso a través da AC-550 desde o norte e a AC-305 pola costa
- Determínase o deseño dun novo viario que, rodeando Ribeira polo oeste, conecta o final da autovía da Barbanza ao norte, coa estrada da costa (DP-7307) ao sur
- O trazado parte do polígono de Xarás, discorre cunha aliñación norte-sur ata preto da trama urbana e desprázase cara ao suroeste para conectar coa estrada da costa
- As obras comprenden a construcción de 5 glorietas, un paso inferior para manter o trazado de vías sobre as que atravesa o novo traza, 2 viadutos e 6 muros
- O proxecto de trazado someteuse a información pública e consulta das administracións afectadas e recibiu a declaración de impacto ambiental favorable

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á aprobación do expediente de información pública, do proxecto de trazado e do estudo de impacto ambiental da variante de Ribeira.

O Goberno galego destinará un investimento global de 10,3 millóns de euros, incluíndo o custo das expropiacións, a esta infraestrutura, que é estratégica para o concello de Ribeira e a súa área.

O Executivo autonómico prevé iniciar en outono o proceso expropiatorio e tamén segue avanzando no proxecto construtivo da primeira fase para poder licitar as obras.

O obxectivo é dotar o núcleo urbano de Ribeira de novos accesos, mediante a execución dun novo viario que, desenvolvéndose polo oeste e sur do municipio, conecte a autovía da Barbanza (AG-11) e a AC-550 coa estrada da costa (a DP-7307).

Trátase de facilitar a mobilidade en condicións más seguras e eficientes en Ribeira, que actualmente ten acceso a través de dúas estradas autonómicas, a AC-550 desde o norte, e a AC-305 desde o nordés, pola costa. As ditas estradas conflúen e finalizan no límite norte do centro urbano de Ribeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para acadar este obxectivo, o proxecto da variante recolle o deseño dun novo viario rodeando Ribeira polo oeste, conectando as estradas DP-7301 ao norte coa DP-7307 ao sur do municipio.

O novo trazado parte das proximidades da glorieta do polígono de Xarás, ao norte de Ribeira, na confluencia da estrada AC-550 e a autovía AG-11, discorrendo cunha alíñación norte-sur, ata aproximarse á trama urbana de Ribeira.

Posteriormente, desprázase cara ao suroeste, rodeando a citada trama urbana, para continuar con alíñación oeste-este ata conectar coa estrada da costa, a citada DP-7307.

O trazado divídese en tres tramos de acordo coas distintas características da zona: un primeiro, desde o punto quilométrico 0 ao 1+200; o segundo, entre os puntos 1+220 e 2+140; e o terceiro, do 2+140 ata o final.

As obras previstas comprenden a construcción de cinco glorietas, así como a execución dun paso inferior para manter o trazado de vías existentes sobre as que atravesa a nova traza. Tamén se acometerán dous viadutos e seis muros.

Tramitación

O proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental foi aprobado provisionalmente en xaneiro de 2020 e, posteriormente, foi sometido aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas.

As administracións consultadas foron Augas de Galicia, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o Instituto de Estudos do Territorio, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Deputación da Coruña e o Concello de Ribeira, que remitiron os seus correspondentes informes sectoriais.

A Axencia Galega de Infraestruturas avaliou os ditos informes sectoriais, aos cales lles deu resposta.

Ademais do proxecto de trazado, tamén se someteu a información pública o estudo de impacto ambiental da actuación, dando como resultado a declaración de impacto ambiental favorable por parte do organismo competente.

A Xunta, unha vez analizadas as achegas presentadas, incorporou ao proxecto as consideracións oportunas, entre elas, a petición do Concello de desprazar a glorieta


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prevista inicialmente á altura da rúa Mariño, no punto 1+340, ata a altura da rúa Ameneiro, no punto 1+240, mantendo, en calquera caso, a conexión da rúa Mariño co novo viario mediante unha intersección.



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A MODERNIZACIÓN E A COMPETIVIDADE DO SECTOR CULTURAL CUN NOVO FONDO DE 1,3M€ EN AXUDAS PARA AS EMPRESAS

- O Consello aproba as bases desta próxima convocatoria do Hub audiovisual da industria cultural para empresas e traballadores autónomos do conxunto do sector
- Concederanse ata 100.000 euros por proxecto para a compra de equipamentos ou de servizos de software, así como para obras de acondicionamento cara á súa instalación
- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades xestiona este programa extraordinario de apoio ao abeiro do seu Hub audiovisual da industria cultural

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases reguladoras dunha nova liña de subvencións ao abeiro do Hub audiovisual da industria cultural, que desta volta activa un fondo de 1,3 millóns de euros para impulsar a modernización e a competitividade do conxunto do sector cultural galego mediante a adquisición de equipamentos técnicos por parte de empresas privadas e traballadores autónomos.

En concreto, está prevista a concesión de ata 100.000 euros por cada proposta subvencionada para a compra de equipamentos e outros activos fixos materiais vinculados á actividade principal do solicitante, de activos fixos inmateriais, como a activación de licenzas informáticas destinadas ao proceso produtivo, ou de servizos de software, así como para a adecuación dos espazos físicos cara á instalación dos equipamentos. A intensidade da axuda poderá alcanzar o 80 % do gasto subvencionable dos proxectos de investimento beneficiarios, que deberán ter un orzamento mínimo de 25.000 euros en cada caso.

Esta convocatoria extraordinaria será publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e a ela poderán optar, en réxime de concorrencia non competitiva, tanto persoas físicas (autónomas) como empresas privadas que desenvolvan a súa actividade principal de xeito habitual en Galicia. O raio de acción esténdese á meirande parte dos ámbitos culturais, coa excepción das salas de cine, de artes escénicas ou de música, que xa contan con liñas específicas de subvencións neste mesmo sentido.

Investimento global de 4,6 M€

Así, esta nova iniciativa entronca nos seus obxectivos con outras convocatorias xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universidades para contribuír á modernización e xestión sustentable dos espazos e as empresas culturais de Galicia cun investimento conxunto de 4,6 millóns de euros.

Neste sentido, a nova dotación de 1,3 millóns de euros vén sumarse aos 1,2 millóns de euros do Mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation da UE que a Xunta adxudicou o pasado mes de maio para a mellora de 46 teatros, auditórios e salas de toda a Comunidade, 26 deles privados e 20 de titularidade pública. Con cargo a este mesmo programa, en xuño publicáronse as bases das subvencións a espazos privados de exhibición cinematográfica, con preto de 850.000 euros para cofinanciar proxectos relacionados coa innovación, o funcionamento dixitalizado e sustentable, a captación e fidelización de públicos e a adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual.

Ademais, esta mesma semana comunicouse a adxudicación doutros 500.000 euros a 47 concellos galegos a través da liña de subvencións a entidades locais para o equipamento e a mellora das instalacións utilizadas para realizar actividades culturais, que se suman ás axudas de 200.000 euros para a mellora de centros museísticos cunha vintena de beneficiarios e aos 145.000 euros para a posta a punto de 27 arquivos que se beneficiaron na última convocatoria.

Actuación tecnolóxica e dixitalización

A través deste conxunto de axudas canalízase unha importante inxección económica para o sector cultural galego na súa reactivación tras as restricións sanitarias da pandemia, que implicaron tamén unha aceleración nos cambios de consumo cultural a nivel mundial. Estase a poñer tamén especial atención no fomento da competitividade a través da súa actualización tecnolóxica, facendo fincapé no apoio á dixitalización, innovación, xeración de novos públicos e incremento da eficiencia enerxética e sustentabilidade ambiental.

Pola súa banda, a nova liña de axudas ás empresas para a adquisición de inmobiliado afonda nas prioridades das iniciativas postas en marcha pola Xunta a través do seu Hub audiovisual da industria cultural, programa extraordinario que suporá unha inxección económica de 9,6 millóns de euros nas industrias culturais galegas. Estes investimentos estanse a executar través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 6M€ Á CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIO EN FERROL E A NOVOS EDIFICIOS PARA OUTROS DOUS EN SANTIAGO E VIGO

- Redactarase o proxecto de construcción do Centro de Investigación en Industria Intelixente no Campus Industrial de Ferrol, da Universidade da Coruña, para impulsar áinda máis a súa especialización, única no Estado, na industria 4.0
- Na Universidade de Santiago de Compostela renovarase o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías, dando resposta ao crecemento deste centro nos últimos anos e á excelencia dos seus investigadores
- Na Universidade de Vigo crearase o proxecto para unha nova sede para o Centro de Investigación Mariña, na ETEA, que permitirá mellorar os aspectos da axenda científica e dar servizos a empresas do sector e a investigadores de ciencias mariñas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela (USC) , A Coruña (UDC) e Vigo (UVigo) e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través do cal o Goberno galego destinará máis de 6M€ a infraestruturas de investigación. En concreto, redactarase o proxecto para a construcción do Centro de Investigación en Industria Intelixente no Campus Industrial de Ferrol, da Universidade da Coruña, e dotarase de nova sede o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (USC). Así mesmo, acometerase o programa de necesidades, os estudios técnicos e a redacción do proxecto para a nova sede do Centro de Investigación Mariña na ETEA (UVigo).

Esta liña de actuación ten como finalidade reforzar as infraestruturas de investigación das universidades galegas, froito do diálogo con estas institucións. Neste sentido, estase a avanzar de xeito conxunto nunha estratexia que permita en Galicia o impulso e a creación de centros e institutos de I+D+i más fortes e capaces de competir en contextos nacionais e internacionais dinámicos. Non en balde, as estruturas existentes teñen potencial para conformar polos de excelencia en ámbitos de interese estratéxico para a Comunidade Autónoma co obxecto de fortalecer as súas capacidades científicas, potenciar o liderado internacional da investigación e actuar como axentes tractores no Sistema galego de I+D+i.

Co obxectivo de favorecer estruturas científicas e de investigación más excelentes e eficientes, as tres universidades están a desenvolver novos proxectos de reformulación ou creación de centros de investigación en distintas fases de deseño e implementación, que se financiarán en parte con cargo a este convenio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novo impulso ao Campus Industrial

Ao abeiro do convenio, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asumirá o custo do Programa funcional e da redacción do proxecto para a construcción do novo Centro de Investigación en Industria Intelixente (Ci3), no Campus Industrial de Ferrol. O novo edificio estará concibido para que todos os investigadores dispoñan de todas as ferramentas e recursos nun mesmo espazo multidisciplinar que permita dar resposta aos grandes retos da industria 4.0, ámbito no que o campus conta cunha acreditación de especialización única no Estado.

Proxéctase unha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval que contará non só con todo o equipamento singular –laboratorios–, senón que permitiría a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño. O centro estará situado na avenida de Esteiro, na cidade de Ferrol, cunha superficie de 1.455 m².

O Ci3 reunirá nun só edificio seis ámbitos de especialización, como son a robótica uindustrial, materiais, optimización de procesos industriais, enxeñaría naval e *offshore*, xestión industrial e desenvolvemento de produto. Estará centrado nas liñas estratéxicas de investigación en novos materiais e técnicas de fabricación, modelización, enxeñaría naval e oceánica, fabricación aditiva e materiais avanzados.

A UDC está traballando xa no programa funcional do centro e a licitación da redacción do proxecto de obra realizarase no ano 2023. A achega total para esta infraestrutura no marco do convenio ascende a 950.000 €. O presente convenio está aberto á posibilidade de que, no momento en que se presente o proxecto de obra, a consellería poida financiar parte ou a totalidade do edificio.

Reforzo do IGFAE

O acordo aprobado hoxe polo Consello prevé tamén a construcción dunha nova sede para o Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE) no Campus Sur de Santiago de Compostela. Trátase dun centro de investigación mixto da Universidade de Santiago de Compostela e da Xunta de Galicia acreditado como un referente no campo da física de alta enerxía, física de partículas e nuclear.

O persoal do IGFAE ocupa na actualidade varias dependencias do edificio Monte da Condesa, que foron quedando pequenas dado o crecemento deste centro e a excelencia do seu persoal. Non en balde, no ano 2016 o Instituto foi recoñecido como Unidade de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Excelencia María de Maetzu e varios dos seus membros recibiron as axudas Starting Grant e Advanced Grant do European Research Council.

Este aumento da actividade fai necesaria a reforma e ampliación das instalacións, unha actuación que se realizará nos espazos dos andares -1 e -2 do edificio Monte da Condesa que xa ocupaba o Instituto, acrecentados cos locais anexos que ocupaba a antiga cafetaría e mais os espazos ocupados por grupos de investigación que xa non están presentes neses locais.

Trátase dunha actuación mixta, de acondicionamento do xa edificado no interior do inmoble actual e de execución dun novo volume en planta baixa, grazas á cal se dotará o IGFAE de flexibilidade e identidade arquitectónica propia para adaptar os diferentes espazos aos requirimentos das actividades de investigación. Acadarase unha superficie total de 4.880,15 m², dos cales 348,5 m² corresponden ao volume de ampliación. O proxecto de reforma e ampliación conta xa con licenza de obras e prevese licitalas neste mesmo ano. A achega total para esta obra no marco do convenio ascende a 4,8M€.

Nova situación para o CIM

Finalmente, a Xunta de Galicia asumirá o programa de necesidades, estudos técnicos e redacción do proxecto para a nova sede do Centro de Investigación Mariña (CIM), na ETEA, que permitirá mellorar os aspectos da axenda científica e dar servizos a empresas do sector e a investigadores de ciencias mariñas.

O CIM-UVigo é un referente en ámbitos como a observación oceánica e o cambio global, a ecotoxicoloxía mariña, a explotación sustentable dos recursos mariños e a xestión integral da zona costeira. Constitúe o elemento central da estratexia mariña da Universidade e un polo interdisciplinar no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento de excelencia neste eido e na internacionalización da actividade investigadora no ámbito do mar.

Actualmente, o centro está situado na Estación de Ciencias Mariñas, na illa de Toralla, un espazo limitado que impide a ampliación que o seu crecemento está demandado. Polo tanto, formúlase situalo na parcela da Universidade de Vigo nos terreos da ETEA en Vigo.

As novas instalacións permitirán dispoñer das capacidades e equipamentos de investigación necesarios para tomar aproximacións multifocais e explotar sinerxías para abordar estudos mariños a gran escala que dean resposta aos complexos problemas con que se enfrenta o mar. Así mesmo, permitirán como mellorar os aspectos da axenda

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

científica e dar servizos a empresas do sector, a investigadores de ciencias mariñas (oceanógrafos, biólogos, químicos, físicos e outros), conformando unha peza clave para o desenvolvemento da I+D mariña na Universidade de Vigo.

O novo centro estará organizado arredor de sete unidades: de embarcacións e equipamento para buques, de procesamento de mostras, de estudo da contaminación, así como de bioloxía, xeoloxía, física e química mariñas.

A UVigo realizará o programa funcional do centro no ano 2022 e a licitación da redacción do proxecto de obra realizarase no ano 2023. A achega total para esta infraestrutura no marco do convenio ascende a 324.000€. Ao igual ca no caso da UDC, o convenio está aberto á posibilidade de que, no momento en que se presente o proxecto de obra, a Xunta poida financiar parte ou a totalidade da nova sede.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁS DE 250.000 € Á COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN DE ALUMNADO CON DISCAPACIDADE VISUAL

O Consello da Xunta aproba a renovación do convenio con esta entidade, polo que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destina seis profesores a este fin

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE) para a atención do alumnado con discapacidade visual. En total, o departamento educativo do Goberno galego destina más de 250.000€ á contratación de seis docentes para este fin.

A través deste acordo, préstase apoio ao alumnado que o precisa, un total de 346 alumnas e alumnos con discapacidade visual, tanto en educación primaria e 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. O profesorado realiza o seu traballo no marco dos equipos específicos da ONCE.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos a que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións; e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Ao abeiro deste acordo, ademais da contratación dos devanditos seis docentes, a consellería comprométese a dotar os centros escolares de todo aquel material que sexa necesario para garantir a inclusión educativa en igualdade de condicións do alumnado cego ou con discapacidade visual, así como a promover a adaptación a braille ou gravación dos libros e materiais curriculares. Así mesmo, velará para que os materiais didácticos dixitais sexan accesibles para estes estudiantes e impulsará a formación do profesorado neste eido e a sensibilización da comunidade educativa en xeral.

Pola súa banda, a ONCE pon á disposición de alumnado e familias os seus centros escolares, centros e servizos especializados, así como os seus recursos humanos e materiais. Tamén se promoverá a adaptación dos postos escolares e os materiais empregados polos estudiantes, así como a formación docente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PRIMEIRO PLAN GALEGO DE LOITA CONTRA A TRATA, CON MÁIS DE 7 M€ ATA 2024, PORÁ O FOCO NO FORTALECIMENTO DOS RECURSOS DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS VÍTIMAS

- O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao documento estratégico 2022-2024, froito dun proceso de elaboración participativo, xa que se deseñou en colaboración coas organizacións especializadas da Rede galega contra a trata sexual
- De feito, un 61% das 59 medidas que contén a planificación baséase en propostas das entidades da dita rede
- A principal finalidade do plan é articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata con fins de explotación sexual e contribuír á súa erradicación
- Presenta 6 principios reidores, 5 áreas estratégicas e 11 obxectivos operativos para traballar por un cambio cultural a favor da plena igualdade, reforzando os mecanismos que contribúan á prevención e sensibilización contra esta lacra
- Entre as principais medidas destan o fortalecemento da atención á saúde mental das vítimas a través de programas sociosanitarios innovadores, o apoio ás persoas menores no proceso de reunificación familiar e o reforzo das políticas activas de emprego para a inserción laboral das mulleres

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, a folla de ruta do Goberno galego para combater esta lacra, que contén 6 principios reidores, 5 áreas estratégicas, 11 obxectivos operativos e un total de 59 medidas que se desenvolverán grazas a un investimento de máis de 7 millóns de euros a tres anos. Trátase dun documento estratégico froito dun proceso de elaboración participativo, xa que se deseñou en colaboración coas organizacións especializadas neste ámbito e que se agrupan na Rede galega contra a trata sexual. De feito, o 61% das 59 medidas baséanse en propostas das entidades da dita rede.

O plan pon o foco no fortalecemento dos recursos de atención integral ás vítimas, que se xestionarán en colaboración coas entidades especializadas, un eido ao cal se reserva a maior parte do orzamento: 6,3 millóns de euros. O Goberno galego busca con esta planificación, o primeiro instrumento nesta materia con dotación orzamentaria, articular políticas que dean unha resposta integral e coordinada ás situacións de trata e contribuír á súa erradicación, xa que unha sociedade xusta e democrática non pode tolerar a persistencia da violencia sexual e das situacións de explotación, que afectan principalmente mulleres e nenas, afondando as súas raíces nas desigualdades. Así, este plan busca contribuír a un cambio cultural a favor da plena igualdade entre mulleres e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

homes que desbute todos os estereotipos de xénero imperantes e que estean detrás das actitudes tolerantes ante estas expresións de violencia.

O documento constitúe, así, a folla de ruta da Administración autonómica galega para loitar contra a trata sexual e a prostitución, reforzando os mecanismos para a súa prevención e para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. A nova ferramenta presenta seis principios reidores: as vítimas e sobreviventes como titulares de dereitos e protagonistas do plan; perspectiva de xénero; interseccionalidade; intervención integral e coordinada; primacía do interese superior da persoa menor de idade; e alíñamento cos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030.

Medidas destacadas

Así mesmo, contén cinco áreas estratéxicas: para a prevención, educación e sensibilización social; o reforzo dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas; fortalecemento dos recursos de atención integral; investigación e mellora do coñecemento para a intervención; e mellora da coordinación interinstitucional. E entre as principais medidas atópanse o fortalecemento á saúde mental das vítimas de trata a través de programas sociosanitarios innovadores que contribúan á reparación do dano e ao seu benestar psicosocial; o apoio ás persoas menores de idade no proceso de reunificación familiar; o reforzo das políticas activas de emprego a través de incentivos á contratación, apoios á economía social e o fomento do autoemprego como opcións para a mellora da inserción laboral; e o incremento das inspeccións laborais e administrativas relacionadas coa licenza de actividade dos establecementos de exercicio da prostitución.

O plan tamén inclúe medidas de prevención e sensibilización dirixidas ás administracións locais; accións encamiñadas á eliminación da publicidade relacionada coa prostitución e co comercio sexual; actuacións dirixidas á adolescencia e á mocidade desde un enfoque que teña en conta as novas formas de consumo de explotación sexual; e o desenvolvemento de programas para facilitar que as mulleres tomen conciencia e se autoidentifiquen como vítimas de trata, apoiándoas na interposición de denuncias e acompañándoas durante o correspondente proceso xudicial. Tamén resaltan medidas de formación e elaboración de materiais para profesionais sanitarios do Servizo Galego de Saúde para mellorar a detección e identificación de posibles vítimas de trata; e dirixidas aos profesionais das quendas de oficio de violencia de xénero para garantir a especialización na asistencia xurídica e defensa no xuízo das vítimas.

Para o impulso, seguimento e avaliación do plan crearase unha comisión, que estará integrada polas persoas coordinadoras designadas por cada órgano da Xunta implicado neste instrumento; e ao remate da vixencia efectuarase unha avaliación final, para o que se elaborará un informe en que se avaliará o grao de execución e a efectividade das medidas recollidas nesta planificación.

O documento desenvolveuse seguindo os mandados lexislativos da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que no seu artigo 3 letra f) define a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero. De feito, Galicia foi pioneira na elaboración dun instrumento específico de actuación neste ámbito, o Protocolo de actuación institucional sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamiento ás mulleres vítimas de trata, aprobado en 2010 en colaboración coa Fiscalía Superior de Galicia e renovado en 2012.

Á vanguarda da loita contra a violencia

O I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024 é o primeiro documento estratéxico con dotación orzamentaria que se aproba neste eido e que se enmarca na Lei galega de igualdade que se está a tramitar e que situará a Galicia á vanguarda da loita contra a violencia e a discriminación da muller. O plan tamén vai en consonancia co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e co VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027, que no seu ámbito de actuación número 8 recolle como prioridade a intervención integral e específica dirixida ás vítimas de trata con fins de explotación sexual.

O compromiso do Goberno galego para a loita contra esta lacra refórzase agora coa posta en marcha deste plan, no cal se enmarcan, en definitiva, accións que contribúan á sensibilización contra o consumo de prostitución e outras formas de explotación sexual, favorezan a mellora dos procesos de detección, identificación e protección das vítimas e consolidación dos recursos de atención integral ás vítimas. O que se pretende é asentar un sistema de atención integral para lles garantir ás vítimas unha vida digna e libre de violencia, garantíndolles unha axeitada resposta ás súas necesidades.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA AXUDAS DE ATA 10.600 € PARA AS PERSOAS AUTÓNOMAS QUE DESEXEN VOLVER EMPRENDER TRAS O CESAMENTO DE ACTIVIDADE OU CAMBIAR O SECTOR DO SEU NEGOCIO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da convocatoria do bono Nova oportunidade, que estará dotado de 5 millóns de euros
- Concederanse dous tipos de financiamento, compatibles entre si: apoios de 9.000 euros para axudar á posta en marcha da nova empresa e/ou axudas de 1.600 euros en accións de formación e *mentoring*
- O programa enmárcase na nova Estratexia para o emprego da Xunta, a marca Xempre coa que o Goberno galego busca xerar en Galicia máis emprego de calidade e apoiar o emprendemento en todas as súas fases e a formación para o emprego
- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade activou xa este ano máis de 40 millóns de euros para apoiar o emprego por conta propria

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego axudará con apoios de ata 10.600 euros ás persoas autónomas que se encontren en situación de desemprego e desexen volver emprender tras ter que cesar a súa antiga actividade por causas económicas e a aquelas que teñan en mente cambiar de actividade económica para volver emprender nun sector emergente. Para iso, o Consello da Xunta aprobou hoxe as bases coas que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convocará o bono Nova oportunidade, que estará dotado con cinco millóns de euros. Con este crédito, o Goberno galego prevé poder beneficiar a preto de 500 persoas traballadoras por conta propria.

"É sabido que a pandemia da covid tivo un impacto moi significativo para moitos autónomos. Tanto que algúns tiveron que reorientar a súa actividade, ou no peor nos casos, cesar definitivamente", lembrou o titular do Executivo galego, quen por iso defendeu como "obriga das Administracións" que un colectivo tan importante para o tecido produtivo teña unha segunda oportunidade e poidan volver a intentalo.

O programa, que se publicará nas próximas semanas no Diario Oficial de Galicia (DOG), inclúe dous tipos de financiamento: o bono Alta nova oportunidade para apoiar a posta en marcha do novo negocio cunha axuda de 9.000 euros; e o bono Formación e/ou Mentoring, dotado de 1.600 euros, para apoiar accións de formación de 40 horas como mínimo en xestión xerencial, comercial ou financeira, marketing dixital ou calquera outra que teña relación directa co negocio que se vai emprender; e/ou para acompañar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

os emprendedoras cunha persoa mentora. Os dous bonos son compatibles entre si, polo que a axuda deste renovado programa pode chegar aos 10.600 euros por persoa.

A crise provocada pola covid-19 obrigou ás persoas autónomas a pecharen os seus negócios ou a reorientalos, e a Xunta de Galicia quere facilitar o seu retorno ao emprendemento ou ao cambio de actividade.

Requisitos

Para os autónomos que volven emprender tras o peche da súa actividade exíxese, entre outros requisitos, estaren dados de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional no período do 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de outubro de 2022; teren cotizado anteriormente a esta nova alta ininterrompidamente polo menos durante 3 meses durante a súa vida laboral no RETA ou calquera outro réxime especial por conta propia; estaren inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego con carácter previo á nova alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia; ou teren o domicilio fiscal nalgún concello galego e desenvolver a súa nova actividade económica ou profesional en Galicia. Tamén se solicita que trasncorrese un período mínimo de dous meses entre a nova alta na Seguridade Social e a anterior baixa.

Para as persoas que desexan cambiar a súa actividade para outro sector emerxente, os principais requisitos son estaren dadas de alta no Réxime Especial De Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional; teren cesado na súa actividade e iniciaren unha nova noutro sector distinto no período do 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de outubro de 2022; teren cotizado, anteriormente a esta nova alta, de maneira ininterrompida polo menos durante 6 meses durante a súa vida laboral no RETA, ou en calquera outro réxime especial por conta propia; e teren o domicilio fiscal nalgún concello galego e desenvolveren a súa nova actividade económica ou profesional en Galicia.

A realidade socioeconómica pon de relevo que non só é importante dinamizar e tratar de que se cree o maior número de empresas posibles, senón tamén deseñar os mecanismos necesarios para que os negocios creados poidan sobrevivir. Con esta acción búscase, polo tanto, a continuación das persoas emprendedoras no mundo empresarial e así poñer en valor a súa experiencia no emprendemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O bono Nova oportunidade enmárcase na nova Estratexia para o emprego da Xunta de Galicia, a marca Xempre, creada para xerar en Galicia máis emprego de calidade e apoiar o emprendemento en todas as súas fases, así como a formación para o emprego.

As persoas autónomas son para o Goberno galego un colectivo prioritario para o cal, no que vai de ano, xa activou axudas por máis de 40 M€. Destacan, entre os apoios específicos para este colectivo, os dirixidos á promoción do emprego autónomo (12,5 M€), que incentivan a alta como persoa traballadora autónoma e a creación de novas empresas; o bono Autónomo (8 M€) para axudar ao mantemento dos negocios xa establecidos; o bono Concilia (1 M€) para apoiar a volta ao traballo da persoa autónoma mediante a contratación dunha persoa, así como o apoio no custo de servizos de coidado para menores e maiores; ou as axudas para a contratación do primeiro, segundo e terceiro traballador (1,3 M€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DA LIMPEZA DO HOSPITAL UNIVERSITARIO E DO ABENTE E LAGO DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

- O orzamento para os 2 anos de duración inicial desta contratación ascende a 20.771.736 euros. Inclúe a limpeza do interior e exterior dos centros hospitalarios

O Consello da Xunta autorizou na reunión celebrada hoxe a contratación e a prestación do servizo de limpeza do Hospital Universitario da Coruña e do Hospital Abente e Lago, dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A contratación, que prevé 2 anos de duración, farase mediante procedemento aberto e está dividida en dous lotes, un por cada hospital. O importe total do contrato ascende a 20.771.736 euros, cun incremento anual respecto á licitación anterior –que se adxudicou hai 3 anos– de 2.794.724 euros, basicamente debido ao incremento dos custos de persoal.

A finalidade desta contratación é que, cos medios técnicos e humanos adecuados, se acometan as tarefas de limpeza, tanto interior como exterior, do Hospital Universitario da Coruña e do Hospital Abente e Lago, así como as súas dependencias, para que todas as instalacións estean nun estado óptimo para garantir que sexan utilizadas para o fin sanitario, obxectivo desta institución.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COMPRA DE EQUIPOS DE CARDIOLOXÍA INTERVENCIONISTA PARA OS HOSPITAIS DAS ÁREAS SANITARIAS

- Renovaranse os equipos dos hospitais universitarios da Coruña, Ourense, do Clínico de Santiago e do Álvaro Cunqueiro de Vigo, mentres que o Hospital Montecelo de Pontevedra contará cunha nova aparellaxe
- O Goberno galego inviste preto de 6 millóns de euros na adquisición destes novos equipos, dentro do plan de renovación do equipamento de alta tecnoloxía dos sistemas sanitarios públicos

A Xunta de Galicia adquirirá novos equipos de cardioloxía intervencionista (hemodinámica) para os hospitais das áreas sanitarias. O Goberno galego, na súa reunión de hoxe, autorizou a compra de novos equipamentos de alta tecnoloxía para renovar os equipamentos dos hospitais universitarios da Coruña, Ourense, do Hospital Clínico de Santiago, do Álvaro Cunqueiro de Vigo e do Montecelo de Pontevedra.

A cardioloxía intervencionista permite a colocación de dispositivos intracoronarios e a realización de valvuloplastias (modificacións na anatomía valvular) para a resolución de problemas coronarios e valvulares, respectivamente.

En total, adquiriranse sete equipos para desenvolver esta técnica, por importe de preto de 6 millóns de euros, que substituirán os equipamentos actuais de cardioloxía intervencionista destas unidades hospitalarias, agás no caso de Pontevedra, onde se comprará unha nova aparellaxe.

A Xunta investirá un total 5.927.064 euros na adquisición dos sete novos equipos, que se instalarán nos anos 2022 e 2023, ben que a instalación no ano 2023 estará condicionada ao remate das obras para a adecuación dos espazos.

Así, no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo renovaranse os dous equipamentos neste ano 2022. O Hospital Universitario de A Coruña contará con dous novos equipos, un previsto para este ano e o segundo para o ano que vén. No Hospital Clínico Universitario de Santiago renovarase o aparellaxe este ano coa compra dun equipo. O vindeiro ano 2023 tamén está prevista a renovación do equipamento de cardioloxía intervencionista do Hospital Universitario de Ourense e a compra dun equipo novo para o Hospital Montecelo de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste último caso, o do Hospital Montecelo, a compra do equipo permitiralle ao centro contar cunha sala de hemodinámica propia –ata o momento era compartida con Raios–, o que permitirá facer cateterismos todos os días, mellorando os tempos de atención e evitando que se deriven pacientes a outros centros.

A renovación destes equipamentos reducirá a obsolescencia do parque tecnolóxico de equipos de alta tecnoloxía e elevará, como mínimo un 15%, a taxa media de densidade de equipos de alta tecnoloxía por 100.000 habitantes, o que aumentará as capacidades diagnósticas dos centros de destino. O acordo aprobado hoxe pola Xunta para a compra e renovación de equipos de cardioloxía intervencionista responde á necesidade de dar unha correcta cobertura sanitaria á poboación das áreas sanitarias de referencia, mellorando os servizos de atención sanitaria.

Diagnose da enfermidade das arterias do corazón

A cardioloxía intervencionista permite o estudo anatómico e funcional do corazón mediante a introdución de catéteres no paciente para coñecer o estado das arterias coronarias, válvulas cardíacas, movementos das paredes do corazón e grandes vasos. Grazas a esta técnica pódese diagnosticar con precisión a enfermidade das arterias do corazón, determina as obstrucións significativas ou completas, así como a extensión e a gravidade da enfermidade. Deste modo, a información que achega esta proba é fundamental para comprender a importancia da enfermidade do corazón e permite decidir o tratamento máis adecuado ao problema concreto de cada paciente.

Máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario en 2022

Os orzamentos da Xunta para o 2022 están a supoñer un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario para os centros da rede sanitaria pública galega, continuando o investimento de máis de 60 millóns dos orzamentos de 2021, que permitiu a adquisición de sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci instalados nos hospitais de cabecera das sete áreas sanitarias e de 37 equipos radiocirúrxicos, así como dúas licitacións de ecógrafos que posibilitaron que todos os hospitais públicos reciban novos equipamentos de ecografía tras máis de 6 millóns de euros de investimento.

En particular, este ano os orzamentos incorporan 61,3 millóns para renovar e ampliar o equipamento de alta tecnoloxía sanitaria a través da canalización dos fondos europeos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de alta tecnoloxía dos sistemas sanitarios públicos.

O obxectivo principal é incrementar a supervivencia global e a calidade de vida das persoas mediante o diagnóstico de enfermidades en estadios temperáns, posibilitando a intervención

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

terapéutica rápida, con especial atención ás patoloxías de maior impacto sanitario, presente e futuro, do sistema sanitario galego, como son as enfermidades crónicas, as enfermidades oncolóxicas, as enfermidades raras e as enfermidades neurolóxicas. Todo iso consolidando a equidade no acceso á alta tecnoloxía e mellorando a calidade asistencial e a seguridade de pacientes e profesionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AXILIZA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL NO ÁMBITO DA SAÚDE PÚBLICA

- O Goberno galego autoriza a contratación, mediante acordo marco con varias empresas, dos servizos de desenvolvemento de sistemas vinculados á historia clínica electrónica e da relación dixital coa cidadanía, pacientes, profesionais e provedores, por un valor estimado de 30 millóns de euros
- A través deste acordo marco poderán contratarse encomendas de xestión que permitirán axilizar proxectos prioritarios no eido das novas tecnoloxías

O Consello da Xunta autorizou na reunión que tivo lugar hoxe a contratación, mediante acordo marco con varias empresas, dos servizos de desenvolvemento de sistemas vinculados á historia clínica electrónica e á relación dixital coa cidadanía, pacientes, profesionais e provedores, por un valor estimado de 30 millóns de euros.

Este acordo da reunión do Consello da Xunta suporá a axilización da transformación dixital do Sistema público de saúde de Galicia e permitiralle ao Servizo Galego de Saúde a selección de empresas que poderán optar á adxudicación dos contratos baseados no acordo marco para a prestación dos mencionados servizos, o que reducirá todos os prazos na contratación e facilitará o desenvolvemento de diversas liñas de actuación, todas no eido das tecnoloxías de información e comunicación aplicadas á sanidade. O acordo faise necesario tendo en conta que moitos destes proxectos se financiarán con fondos europeos como os Feder ou o Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia.

Neste avance de Galicia na transformación dixital no ámbito da sanidade pública destacan como proxectos prioritarios a implantación da historia clínica intelixente, a plataforma tecnolóxica para reducir a burocracia da actividade sanitaria, a mellora de canles de comunicación coa cidadanía, a rede de centros intelixentes e a aposta polo uso intensivo da intelixencia artificial e do *big data*.

Estes proxectos prioritarios do Goberno galego beneficiaranse da aprobación deste expediente a través da axilidade na contratación do desenvolvemento de novos sistemas de información; a contratación de servizos vinculados ao desenvolvemento de aplicacións, como a consultoría en sistemas e tecnoloxías da información, oficinas de proxectos ou oficinas de calidade e/ou seguridade. Ademais, inclúese o mantemento de aplicacións desenvolvidas a medida; o desenvolvemento de materiais e accións de apoio á captación e formación de usuarios, a contratación do soporte técnico en sistemas de información ou a dinamización de proxectos tecnolóxicos a través de canles en liña,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como portais, blogs, redes sociais e outras vías de relación tecnolóxica con profesionais, pacientes e provedores.

Aposta pola transformación dixital da atención sanitaria

A contratación dos servizos de desenvolvemento de proxectos TIC en todo o ámbito da sanidade pública resume tamén as 5 liñas de actuación en que traballa a Xunta de Galicia para a transformación dixital da atención sanitaria, nas cales destaca a apostase pola transformación dixital da atención sanitaria en atención primaria e comunitaria. Tamén, a transformación dixital no ámbito da saúde pública. Outra liña de traballo inclúe a transformación dixital das 7 áreas sanitarias e a constitución dunha oitava área de saúde dixital.

Ademais, o Goberno galego apostase pola ampliación da infraestrutura TIC en hospitais e centros de saúde e polo desenvolvemento do Datalake de datos de saúde. Este último sistema pretende poñer en valor a inxente cantidade de datos de saúde almacenados no Sistema nacional de saúde para o fomento da investigación biomédica, dando plenas garantías á protección de datos.

Necesaria evolución dos sistemas de información

A incorporación de novas tecnoloxías médicas no ámbito sanitario, os cambios na relación da sociedade coas tecnoloxías da información, xunto cos retos derivados da pandemia exixen a transformación do contorno en que o Servizo Galego de Saúde realiza a súa actividade e presta os seus servizos. Para conseguir poñer en práctica estes novos modelos de asistencia sanitaria apoiados na transformación dixital, faise necesario evolucionar os sistemas de información que actualmente se utilizan dentro do organismo. Nesta evolución resulta clave este acordo marco que se aprobou no Consello da Xunta de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O ACORDO CO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A CESIÓN DOS TERREOS NOS CALES SE CONSTRUIRÁ O NOVO CENTRO DE SAÚDE DO MUNICIPIO

- O Concello de Muíños cede ao Servizo Galego de Saúde, a título gratuíto, unha parcela de 800 m² en que se situará a nova infraestrutura sanitaria
- A dotación prevista duplicará a superficie do actual centro, pasando dos 170 m² aos 340, e contará con importantes melloras tanto para os usuarios como para os profesionais

A Xunta de Galicia formalizou na reunión do Consello que tivo lugar hoxe a aceptación da cesión do terreo para a construcción dun novo centro de saúde en Muíños. En virtude do acordo aprobado, o Concello de Muíños cede de xeito gratuíto ao Servizo Galego de Saúde unha parcela de 800 m² na cal se situará esta nova dotación sanitaria para o municipio.

A aceptación da parcela cedida polo Concello permitiralle ao Goberno galego construír nela o novo centro de saúde, previsto na fase 1 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria da Xunta, e substituír o actual centro de atención primaria, que ten 36 anos de antigüidade e importantes problemas estruturais, como o feito de compartir espazos con vivendas municipais, que dificultan a prestación da atención sanitaria.

O novo centro, que se edificará sobre esta parcela, duplicará a superficie do actual, pasando dos 170 m² aos 340; será un edificio de uso exclusivo sanitario e contará con importantes melloras para os pacientes e para os profesionais. Así, terá unha sala polivalente, que non existía no actual, e contará cunhas dimensións nas consultas cos criterios unificados do Servizo Galego de Saúde, así como con sala de xuntas, vestiarios e almacén.

Resposta do Concello á petición dunha parcela

A parcela sobre a cal se edificará a nova infraestrutura é de natureza urbana e propiedade do Concello, que respondeu de inmediato á petición que a Xunta fixo en novembro de 2021 para a achega dunha parcela viable, cando menos cunha edificabilidade de 339 m², para o futuro novo centro de saúde. A parcela foi avaliada como óptima polo persoal técnico do Sergas en decembro de 2021. En consecuencia, o pasado 20 de maio asinouse o Convenio entre o Sergas e o Concello de Muíños, no cal o Concello se comprometía a completar o proceso de cesión desta parcela, o que fai agora. Pola súa banda, o Sergas formalizou o pasado 14 de xullo a encomenda á Axencia Galega

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de infraestruturas da xestión das actuacións para a redacción do proxecto e execución das obras de construcción deste centro.

Este centro de saúde está incluído no Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021, que no caso da provincia de Ourense recolle a construcción de oito novos centros de saúde en distintas fases.

En particular, na fase 1 figuran dentro desta planificación os novos centros de saúde de Muíños e Boborás, ambos cos convenios xa asinados e cuxos proxectos se licitarán este mesmo ano, así como o centro de saúde do Carballiño, sobre o cal a Xunta asinou esta mesma semana un protocolo co Concello para tramitar a súa construcción na parcela da actual estación de autobuses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACEPTE A PARCELA CEDIDA POLO CONCELLO DE MOAÑA EN QUE SE CONSTRUIRÁ O NOVO CENTRO DE SAÚDE

- A nova infraestrutura substituirá o Centro de Saúde da Casa do Mar e contará con más de 3.500 m², duplicando a superficie do actual
- O Goberno galego xa ten preparados os pregos para licitar a obra da nova dotación por 9,3 millóns de euros en canto rematen os prazos administrativos fixados no acordo trasladado polo Concello

A Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que acepta a cesión dun terreo de 2.067 m² propiedade do Concello de Moaña para a construcción dun novo centro de saúde na localidade. Esta cesión, feita a título gratuito polo Concello de Moaña a favor do Servizo Galego de Saúde, posibilitará a posta en marcha desta necesaria infraestrutura sanitaria. Cúmprese así finalmente o compromiso de cesión de terreos adquirido mediante convenio asinado entre a Xunta e o Concello en febreiro de 2020.

Pola súa banda, a Xunta comprometeuse a edificar, sobre o terreo que cedera o Concello, un novo centro de saúde para Moaña tomando como base o documento do Plan de necesidades sanitarias para Cangas e Moaña, presentado en xuño de 2018 e que proxectaba dúas novas infraestruturas: un Centro Integral de Saúde para Cangas na zona da Rúa, (que unificaría a atención ás urxencias dos dous concellos nunha zona accesible para ambos) e un novo centro de saúde en Moaña na parroquia de Sisalde.

Dada a importancia desta actuación, e de xeito excepcional, aínda sen ter transferida a parcela, o Sergas licitou en decembro de 2020 a redacción do proxecto básico e as prestacións opcionais de redacción do proxecto de execución e da dirección de obra do novo centro de saúde. En consecuencia, esta dotación sanitaria foi incluída na fase 0 – prioritaria– do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria da Xunta, que aprobou o Consello da Xunta en outubro de 2021.

Aínda á espera da cesión da parcela, en xaneiro de 2022 a Xunta encargou a elaboración do proxecto de execución do centro, xa supervisado e aprobado polos servizos de obras do Sergas. En consecuencia, a Xunta de Galicia tiña xa preparados os pregos para licitar, en canto se recibise a parcela, a obra da nova dotación sanitaria de Moaña por importe de 9,3 millóns e cun prazo de execución de 18 meses.

Porén, o acordo plenario aprobado no Concello de Moaña exixe, unha vez formalizada a cesión, a apertura dun período de información pública e a publicación do acordo no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, para posibles alegacións. En consecuencia, só unha vez superada esta fase se poderá licitar o contrato de obra.

Incremento considerable de superficie e espazos

Este novo centro de saúde substituirá o actual, situado na Casa do Mar, e contará con máis de 3.500 m², más que duplicando a superficie do actual.

O novo centro proxectado incrementa de xeito considerable o número de espazos respecto ao actual. En total, segundo o Plan funcional, contará con 8 consultas de medicina, 6 de enfermaría, 1 de matrona, sala de toma de mostras, sala de técnicas, 6 salas polivalentes, 2 consultas de pediatría, 2 salas de enfermaría pediátrica e 2 salas polivalentes de pediatría. Tamén contará cun despacho de coordinación, 1 sala de educación sanitaria e áreas bucodental e de fisioterapia, así como un despacho para o traballador social e sala de telemedicina e ecografías.

Tal e como se comprometera a Xunta co Concello de Moaña, as salas polivalentes situadas na planta baixa poderán ser usadas como punto de atención continuada namentres non se poña en marcha o PAC unificado previsto no futuro Centro Integral de Saúde do Morrazo, do cal áinda se segue á espera de cesión de parcela por parte do Concello de Cangas.

A construción desta nova dotación en Moaña, xunto coas tres prazas en propiedade que se cubrirán no centro grazas á convocatoria de prazas de facultativo especialista en atención primaria aberta pola Xunta este ano, permitirán dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, con actuacións que permiten mellorar as infraestruturas e dotacións dedicadas á atención asistencial á cidadanía no concello.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA PON EN VALOR O PAQUETE DE MEDIDAS DA XUNTA DESTINADAS A AXUDAR AS FAMILIAS EN COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SOCIAIS E LOCAIS DE GALICIA

- Contará cun investimento de preto de 33 M€ e nelas inclúese a orde de axudas a entidades con cargo ao 0,7% do IRPF, á que este ano se destinarán 19,1M€
- Trátase da parte dos fondos que xestiona a Consellería de Política Social e Xuventude e que irán destinados a programas relacionados co ámbito dos maiores, das persoas con discapacidade, da infancia, da mocidade e da inclusión social
- Entre estas medidas atópase tamén unha nova orde de axudas a entidades para a creación ou a remodelación de centros de atención a maiores ou persoas con discapacidade que contará cun investimento de 13 millóns de euros
- No ámbito do voluntariado, deuse luz vez ao convenio de colaboración coa Escola de Tempo Libre Don Bosco para o desenvolvemento do programa Xacobeando

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor a aprobación hoxe no Consello da Xunta dun paquete de medidas destinadas a axudar ás familias en colaboración coas entidades sociais e locais de Galicia. O titular do Executivo galego informou de que este conxunto de convocatarias contarán cun investimento de preto de 33 millóns de euros para impulsar programas e iniciativas vinculados co ámbito da atención aos colectivos máis vulnerables.

Entre estas medidas, Rueda informou da aprobación da orde de axudas con cargo á casilla social do 0,7% do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF) que este ano distribuirá 19,1 millóns de euros para financiar programas de carácter social impulsados polas entidades sociais de Galicia. As axudas finanziarán gastos correntes deste tipo de programas e tamén está previsto financiar gastos de investimento referidos a obras de equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos adaptados.

Esta partida corresponde á parte dos fondos que xestiona a Consellería de Política Social e Xuventude e aos que se engadirán outros xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade e pola Consellería de Sanidade. Os programas que se poderán financiar serán polo tanto aqueles dirixidos a asistencia a persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia e mocidade, así como programas que favorezan o voluntariado e a inclusión social.

Atención a maiores e discapacidade

Entre as medidas incluídas, o presidente da xunta tamén salientou a nova orde de axudas para a construcción ou rehabilitación de centros de atención de iniciativa social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Contará cun investimento de 13 millóns de euros e permitirá a construción de novos equipamentos de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade, así como a obras de mellora e adquisición de equipamento que busquen a modernización de centros existentes.

Finalmente, Rueda tamén informou da inclusión neste paquete de medidas dun convenio de colaboración coa Escola de Tempo Libre Don Bosco para o desenvolvemento do programa Xacobeando. Este proxecto pioneiro de voluntariado internacional comezou a andar o pasado mes de xullo e reunirá ata o mes de outubro a 80 mozos de oito países europeos en distintas rutas do Camiño de Santiago. Concretamente de Letonia, Lituania, Estonia, Grecia, Eslovaquia, Italia, Portugal e do resto de España. Segundo avanzou, este convenio conta cunha partida orzamentaria de máis de 300.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTA CON 10 MILLÓNS DE EUROS PARA IMPULSAR UN PLAN DE TRABALLO A PROL DO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE DAS ACTIVIDADES RELACIONADAS CO MEDIO MARIÑO

- O Consello da Xunta aprobou a sinatura de dous convenios para establecer a repartición de fondos e as condicións de participación dos distintos organismos implicados no Programa de ciencias mariñas de Galicia
- Esta iniciativa é froito do traballo en rede de máis de 250 investigadores e nela participan preto de 90 grupos de investigación das institucións galegas más punteiras, incluídos seis centros dependentes da Xunta, as tres universidades públicas da Comunidade e o Consello Superior de Investigacións Científicas
- O Plan de ciencias mariñas de Galicia ten tres grandes liñas de actuación, que son a observación e monitorización do ecosistema mariño, impulsar un cultivo sustentable de produtos do mar e a transformación, transferencia, capacitación e capitalización do coñecemento cara a unha economía azul sustentable
- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura de dous convenios para establecer as condicións de participación dos distintos organismos implicados no Programa de ciencias mariñas de Galicia, que forma parte dos plans complementarios previstos no Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Estado e conta cun financiamento de 10 millóns de euros.

Un dos convenios fai referencia á repartición e ás condicións dos 6 millóns de euros financiados polo Mecanismo de recuperación e resiliencia dos NextGenerationEU e o outro aos 4 millóns de euros restantes, que son achegados pola Comunidade Autónoma de Galicia a través do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura (Fempa). A vixencia de ambos prolongarase desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e para garantir a súa correcta execución creárase cadansúa comisión de seguimento.

O Programa de ciencias mariñas de Galicia obxecto destes acordos é froito do traballo en rede de máis de 250 investigadores e un exemplo da colaboración para acadar un desenvolvemento sustentable das actividades vincelladas co mar. De feito, conta coa participación de preto de 90 grupos de investigación pertencentes ás institucións galegas más punteiras, entre as cales se atopan seis centros de investigación dependentes da Xunta (Cesga, Cetmar, CIMA, Igafa, Intecmar e Meteogalicia), as tres universidades públicas galegas e catro centros dependentes do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, busca dar solución ás necesidades máis inmediatas do sector mariño galego mediante o desenvolvemento das tecnoloxías mariñas e a dixitalización, así como a educación ambiental. Tamén trata de fortalecer as sinerxías entre os axentes de investigación e o tecido empresarial para afrontar os retos futuros da pesca e a acuicultura, o turismo costeiro e mariño ou a economía azul. Con eses fins permitirá acadar un modelo integrado de xestión do fluxo de coñecemento científico en ciencias mariñas adaptado ao contexto ambiental, sociocultural, económico e institucional de Galicia.

Liñas de actuación

O plan de Galicia está organizado en 11 áreas, 38 actuacións, 132 actividades e 293 tarefas e ten tres grandes eixes de actuación. Un deles é desenvolver unha estratexia de gobernanza permanente da observación e monitorización do ecosistema mariño en todas as súas dimensíons. Isto permitirá obter a información necesaria para garantir un aproveitamento máis sustentable dos seus recursos. Nesta liña, Galicia desenvolverá ferramentas e tecnoloxías innovadoras para construír unha plataforma de datos integrada no centro de supercomputación galego.

Outro reto deste plan é o de potenciar unha produción acuícola sustentable mediante a mellora da investigación xenómica –para avanzar nos resultados do sector–, desenvolver ferramentas para o abastecemento estable de semente na acuicultura de moluscos bivalvos, mellorar a prevención e control de patoloxías e xerar novos sistemas de cultivo sustentable.

O terceiro obxectivo é a transformación social e económica e a transferencia, capacitación e capitalización do coñecemento cara a unha auténtica economía azul sustentable. Abordarase mediante unha investigación multidisciplinar no eido das ciencias sociais que inclúa ramas como a física, a química, a xeoloxía ou a bioloxía, entre outras.

Todo este traballo reflicte que a I+D+i é prioritaria para o sector, xa que lle permitirá posicionarse para gañar competitividade a futuro e avanzar en dar resposta a retos globais como a protección e xestión sustentable dos ecosistemas mariños. Precisamente, a xestión innovadora dos recursos naturais, como a pesca ou a acuicultura, e a sustentabilidade son prioridades da Estratexia galega de especialización intelixente 2027 (RIS3), a estratexia global de Galicia para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable e de calidade a través da innovación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU 15 M€ DESDE O ANO 2016 A APOIAR INVESTIMENTOS EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS NO RURAL QUE PERMITIRON CREAR 337 NOVOS EMPREGOS E CONSOLIDAR OUTROS 2.700 POSTOS DE TRABALLO

- Só na convocatoria deste ano se apoiou un total de 60 proxectos, cun orzamento de 2,5 millóns de euros
- O Consello da Xunta analizou o informe da Consellería do Medio Rural sobre o balance das convocatorias destas axudas no período 2016-2023
- Como novidade, a última convocatoria está orientada, por un lado, á posta en marcha de actividades empresariais en aldeas modelo, ademais de á ampliación e/ou modernización de empresas mediante a adquisición de maquinaria e equipamento

Entre os anos 2016 e 2023 a Xunta destina un total de 15.135.000 euros a financiar as axudas para investimentos en actividades non agrícolas no medio rural, o que contribuíu a crear 337 novos postos de traballo e a consolidar outros 2.756 empregos. Así se recolle nun informe avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego en que se fai balance destas achegas, que están orientadas á ampliación e/ou modernización de empresas mediante a adquisición de maquinaria e equipamento destinado a actividades non agrícolas.

Os datos do estudo amosan unha decidida aposta polo reforzamento do tecido empresarial no medio rural, coa finalidade de xerar as condicións necesarias para crear e consolidar emprego e afianzar poboación, con incidencia, desde a entrada en vigor da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, nos proxectos que se desenvolvan nos núcleos das aldeas modelo.

Puideron beneficiarse destas axudas tanto microempresas e pequenas empresas situadas en zonas rurais como persoas físicas que residan no rural, así como os titulares dunha explotación agraria –ou membros da súa unidade familiar– que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas e desenvolvan os proxectos na propia explotación.

Entre os ámbitos de actividade subvencionables atópanse industrias, fábricas e locais destinados á producción de bens e materiais, a transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, a prestación de servizos en calquera sector económico, a artesanía e actividades de ocio, recreativas, artesanais e deportivas, entre outros.

Última convocatoria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro deste informe, recóllese tamén a resolución da última convocatoria das axudas deste ano para executar deica 2023, na cal se destinan 2.446.395,85 euros a 60 proxectos de investimento en actividades non agrícolas, entre os que se inclúen, como novidade, proxectos para a posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo.

Así, a maioría das empresas beneficiarias das axudas desenvolven a súa actividade empresarial no sector industrial de Galicia e empregarán a axuda para financiar maquinaria e equipamento para melloras tecnolóxicas e competitivas. Ademais, no marco desta convocatoria cómpre facer referencia expresa aos proxectos para a posta en marcha de novas actividades empresariais en aldeas modelo.

En particular, a Xunta apoia dous proxectos incardinados no sector turístico, que comportan a creación de novas prazas de aloxamento turístico nos concellos do Incio (na aldea modelo de Trascastro) e Folgoso do Courel (na aldea modelo de Moreda), así como outro proxecto consistente na instalación dunha empresa que opera no sector das artes gráficas no concello de Quiroga (aldea modelo de Bustelos de Fisteus).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

